

## Breve panorama da literatura occitana da época de decadencia (ss. XIV-XVI)\*

*Francisco Fernández Campo*

### A crise da lírica trobadoresca medieval

A Baixa Idade Media é un período de cambios e de profunda crise no Occidente Europeo. Os grandes conflitos políticos, a eclosión das nacionalidades e o despegue da burguesía supoñen, sen dúbida, unha ruptura moi perceptible na sociedade medieval, observándose xa os primeiros atisbos do que será o Renacemento cultural, en particular, e a Idade Moderna, en xeral.

Durante os séculos XIV e XV producíronse unha cadea de feitos que conduciron a profundas crises, non só sociais e políticas, senón tamén culturais. No que atinxe á literatura, hai un fenómeno que sobresaie sobre todos: o comenzo da decadencia da retórica medieval en favor do afloramento das novas correntes irradiadas dende a Italia *trecentista*. Este cambio terá a súa expresión máis concreta no século XVI, coa substitución das chamadas literaturas *supranacionais* ou *interculturais* –as líricas trobadorescas occitana e mais a galego-portuguesa– polas chamadas *nacionais* –como a castelá ou a francesa–. O estado-nación substitúe ós feudos e unha soa lingua, dominante e imperial, substitúe ó multilingüismo. En definitiva, as *vulgares linguae francae* medievais deixan paso ós centrípetos idiomas nacionais, dos que as fronteiras coinciden coas do Estado. Polo tanto, os séculos XIV e XV poden considerarse como unha etapa de transición.

Se ben é certo que as circunstancias histórico-políticas non son iguais, non o é menos que a decadencia da literatura occitana e da galego-portuguesa coincide co florecemento da literatura francesa e da castelá, respectivamente. Mesmo en ambos casos esa decadencia non se produce de xeito repentino, senón que se vai presentando paulatinamente a través dun período de transición que viría representado

\* Este artigo dá comenzo a unha serie que sobre a literatura occitana posttrobadoresca -dende a época de decadencia (ss. XIV-XVI) ata a literatura contemporánea- será publicada nesta mesma revista deica en adiante.

pola Escola Galego-Castelá na península ibérica e pola Escola de Tolosa, no Midi francés.

É evidente que a lírica trobadoresca occitana dos séculos XII e XIII é dunha importancia capital para explicar o desenvolvemento da literatura románica medieval. Sen os poetas provenzais non cabería falar da cultura literaria medieval dende Fisterra ata Sicilia ou dende París ata Toledo. A Escola Galego-Portuguesa, a siciliana, o *Dolce Stil Nuovo* e mesmo os *minnesänger* cecais non terían existido sen os provenzais. Dante, Petrarca e Boccaccio non serían os mesmos sen o acerbo que supuxo para eles a poética provenzal, que leron, estudiaaron e asimilaron con grande aproveitamento, como é ben sabido.

A calidade e renome desta lírica trobadoresca foi tal que sobreviviu á súa propia morte, renacendo das cinzas. Pero as cinzas non son o mesmo que a madeira e os vellos loureiros nunca se poden reverdecer. Non obstante, tentouse de facelo; e froito diso foi a coñecida Escola de Tolosa, nacida pola toma de conciencia da burguesía, no primeiro cuarto do século XIV, da necesidade de manter a tradición literaria chegada ata ela. O froito máis importante foi sen dúbida a fundación, no ano 1323, do *Consistori del Gai Saber* en Tolosa; unha mestura de Academia da lingua e tribunal literario que, se ben evitou a desfeita total da lírica occitana, cortou de raíz, debido ós seus gustos prosaicos e moralizantes, todo parecido que puidese haber coa tradición lírica anterior. Non queda da *Fin'Amors* dos clásicos máis ca un reflexo moi tenue e a falta de innovación deixa sen calidade a produción desta Escola.

## O solpor da literatura occitana

A diferenza entre as dúas épocas translócese nidiamente na importancia que a tradición escrita lle veu dando a ambos períodos: a proporción é de catro a un a favor do período clásico; 450 poetas coñecidos da etapa clásica fronte ós a penas 100 nos ss. XIV e XV; máis de 80 testemuñas escritas fronte a apenas 20; en fin, perto de 2.500 composicións conservadas fronte a nin sequera 300. Non é estraño que a crítica literaria e filolóxica, practicamente, se tivese centrado en exclusiva sobre o período clásico, deixando esquecida esta etapa, da que, por outra parte, hai moi poucos datos. Salvo media ducia de excepcións, os trobadores dos séculos XIV e XV son descoñecidos; da maioría deles non se conservou máis cunha composición (normalmente a gañadora dos Xogos Florais anuais). Contrariamente ó que sucedía na etapa clásica, a literatura de decadencia non era coñecida fóra das fronteiras do Midi, agás en Cataluña, onde xurdiría o relevo da Escola tolosana pola de Barcelona, baixo os auspicios do *Consistori de la Gaia Sciencia*, fundado por Juan I en 1393 (Jacme March e Luys d'Averçò eran os Mestres principais) a imitación do de Tolosa.

Así como para a poesía lírica este período supón un grave descenso na produtividade e calidade, non é o mesmo para outros xéneros literarios, como a poesía relixioso-moral, dramática ou narrativa. A explotación destes xéneros xa fora abundante na etapa clásica. A tradición xa comenzara mesmo nos primeiros momentos da literatura occitana: lembremos que o poema de *Boecis* é un dos primeiros textos occitanos e, sen dúbida, unha das composicións de tipo moral máis importantes da literatura

románica medieval. Por outra parte, debemos lembrar tamén que moitos trobadores de sona experimentaron este xénero, como Arnaut de Marueilh, Giraut de Bornelh, Peire Cardenal, Cerverí de Girona, Sordel, Guiraut Riquier, etc., que explotaron o xénero moral coñecido como *Ensenhamen*. En canto á poesía narrativa, xa durante os séculos XII e XIII a tradición épica tivera moito éxito: novelas de aventuras como *Daurel et Beton*, artúricas como o *Jaufré*, sociais como *Flamenca* ou, en fin, poemas históricos como a *Canso de la Crossada* ou o poema sobre a Guerra de Navarra.

## Literatura non lírica: a poesía dramática

A novidade máis importante no período decadente é a aparición da poesía dramática, que ata entón non tiña precedentes. A maioría das pezas son de carácter relixioso: *L'esposalizi de nostra Dona Santa Maria verges et de Sant Josep* é o texto dramático completo máis antigo que se conserva (fins do século XIII). Do primeiro tercio do s. XIV data a *Passion*, que é cecais o texto de máis calidade, no que o anónimo autor fai gala de coñecer ben os textos sagrados, xa que engade recitacións e escenas doutras pasaxes do Evanxeo. Por último, da segunda metade do s. XIV é o *Jeu de Sainte Agnès*, aínda que de menor calidade, por canto o autor se limita seguramente a poñer en escenas un relato haxiográfico da santa.

No século XV, o teatro xira máis cara ó carácter laico: Farsas e Xogos comparten os favores do público. Sen embargo, non se esquece o tema relixioso, ocupado preferentemente polos *Misteris* e *Miracles*, baseados, polo xeral, en haxiografías anteriores, como os de Santo Andrés, Santo Eustaquio, San Pedro e San Pablo, Santo Antonio, etc. Desgraciadamente, a maioría dos textos non foron conservados e non se coñecen máis que indirectamente.

## Literatura non lírica: a poesía relixiosa

É moi abundante, sobre todo no século XIV. Vidas de santos (traducidas xeralmente do latín), oracións, cánticos, etc., son as formas máis comúns baixo as que se presenta este xénero. Os temas principais céntranse na Devoción á Virxe e á Paixón de Cristo. Sobre este último tema conservouse nas *Leys d'Amors* a *Contemplació de la Crotz*, que describe con grande realismo un dos principais episodios da paixón. Tamén nas mesmas *Leys* atopamos os chamados *Cossirs*, que son unha especie de meditacións sobre a angustia da alma ante a súa comparecencia no Xuízo Final.

A chamada literatura franciscana foi outro fito importante na Occitania. A Escola do padre Oliu é a responsable seguramente da obra do poeta máis importante deste período: Raimon de Cornet (vid. *infra*). O *Debat de la Verge et de la Crotz* é a obra máis representativa desta Escola, á que tamén se lle poden atribuír varios milagres de San Francisco así como a *Vida del Gloriós Sant Francés* ou a *Vida de Sant Auzias et Santa Delphina*.

A literatura herética tamén ten o seu sitio. Durante o século XIV xa non queda nada referente á herexía cátara, pero si á valdense, da cal a obra máis importante é a *Nòbla Leiçon*, poema en alexandrinos que dá ós fieis unha serie de consellos

baseados na teoloxía popular. Do século XV só se conserva un catecismo valdense en oito capítulos.

## Literatura non lírica: a poesía narrativa

Nesta época a poesía narrativa é moi escasa e de baixa calidade. Á primeira metade do século XIV pertencen dúas novelas de aventuras, *Guillaume de la Barre* e *Blandin de Cornualhes*, que non teñen relación coa lenda artúrica, sendo máis ben cancións de xesta decadentes; o *Blandin*, de 1894 octosílabos, está cheo de catalanismos, polo que é probable que fora escrito ó sur dos Pirineos e entroncaría máis coa literatura catalana. Hai máis orixinalidade en dous poemas de Roldán descubertos a principios deste século, aínda que moi achegados ó relato francés.

## A prosa: Prosa relixiosa

A *Vida de Santa Doucelina*, célebre pola súa caridade e os seus éxtases, describe as súas experiencias místicas. O máis remarcable desta obra é a independencia que mostra con respecto ós modelos haxiográficos latinos. Hai que destacar tamén o *Roman de Barlaam et Josaphat*, de grande éxito debido á tradición greco-latina e greco-árabe que fixera circular polo occidente medieval a lenda de Josaphat, baseada no personaxe de Buda, considerado un santo do cristianismo; foi a historia da súa xuventude a que chegou a Europa. A redacción occitana é do século XIV e parece ter sido feita na rexión de Albi.

No século XV, a produción ten un carácter máis ben folclórico e marabilloso. Circularon moito as adaptacións das lendas irlandesas, como *A viaxe ó Purgatorio de San Patricio*, obra dun catalán, Raimon, Vizconde de Perelhós, que foi traducida ó latín e despois ó occitano; a *Vision de Tindal* é unha tradución moi libre do latín. Asemade, consérvase unha *Vision de Sant Paul*, de tradición greco-siriana.

## A Prosa social

O triunfo da lingua romance fronte ó latín nos actos públicos e privados fai do occitano un idioma vehicular, a partir do século XIV, que perdurará durante todo o XV. A documentación conservada é abundantísima: Actas, Capítulos, Estatutos, Crónicas e Libros de Memorias, Libros de Contas, Documentos xurídicos, etc., multiplícanse por todas partes.

É sen dúbida a Crónica o subxénero mellor desenvolvido. Cada cidade, cada vila preocúpase por ter a súa crónica, onde se resume o seu pasado. Así, as de Limotges, Albi, Cahors, Tolosa, están entre as máis representativas, pero sobre todas elas destaca a *Crónica de Montpellier*, coñecida co nome de *Petit Thalamus*, que vai dende antes do nacemento de Cristo ata 1446. Tamén a Igrexa utilizou a crónica como medio apoloxético; destacan, entre outras, a tradución do latín da Crónica dos Papas, de Bernard Gui, obispo de Lodève; tamén a orde do Hospital fixo traducir a historia da súa fundación. Baixo os auspicios dos condes de Foix, sobre todo de Gastón IV, prodúcense varias crónicas, entre as que destaca a Crónica dos

condes de Foix, que chega ata 1461. En Provenza, Jean de Nostredame retomou unha vella Crónica provenzal, co cal a tradición alóngase ata o século XVI. Mais, sen dúbida, hai unha crónica que resulta ser unha das máis interesantes, feita por un xurisculto tolosán e que relata a Cruzada albixense. O autor funde as diversas partes da antiga *Cansò de la Crossada*, pero neste caso os seus ataques van contra dos cruzados. Tivo tal éxito que se fixeron tres versións.

## Prosa científica

Do mesmo xeito ca noutros eidos, no campo científico tamén o occitano confírmase como vehículo na escrita: Gastón II de Foix fixo traducir para o seu fillo Gastón Phébus a *Opus de proprietatibus rerum*, compilación dos coñecementos científicos medievais feita por Barthélémy L'Anglais a mediados do século XIII; baixo o título de *L'Elucidari de las propietats de totas rens naturals*, converteuse na grande enciclopedia baixo-medieval da Occitania, da que derivarán outras obras menores ata ben entrado o século XV.

## A poesía lírica: O Consistori del Gai Saber

Como xa apuntabamos máis arriba, en 1323 fundouse o *Consistori del Gai Saber*, baixo o mecenádego de varios burgueses de Tolosa, entre os que destacaba Bernard de Panassac. O nome orixinal da fundación foi o de *Sobregaia Companhia dels VII Trobadors de Tolosa*, que debía conceder un premio anual de poesía no mes de Maio. A creación deste consistorio trae dúas consecuencias ben dispares: por unha parte, contribúe en certa medida a manter o espírito lírico devanceiro e a evitar a súa perda; por outra, sen embargo, encerra nun código poético moralizante e moi ríxido, impedindo, polo tanto, que a creación lírica saia da mediocridade.

As primeiras tentativas de codificación e regulamentación poética parten, curiosamente, dos propios poetas, entre os que destacan Raimon de Cornet e Joan de Castelnou: o primeiro escribiu en 1324 un *Doctrinal de trobar*, especie de tratado de poesía, de 543 versos, no que se dan consellos de retórica e de gramática; o conxunto resulta moi semellante ós primeiros tratados do século XIII (as *Razos de trobar*, as *Regles de trobar* ou o *Donatz proensals*). Joan de Castelnou glosou en prosa o *Doctrinal* en 1341.

Pero a regulamentación definitiva e a máis importante de todas é a redacción das coñecidas como *Leys d'Amors*, encargadas polo Consistori a Guilhem Molinier. A promulgación destas *Leys* tivo lugar nun solemne acto en 1356. Para a súa redacción, Molinier foi asesorado por xuristas e teólogos tolosáns, polo que se trata dunha especie de «decretales» polas que se tiñan que rexer os poetas que concursaban nos xogos florais. Actualmente consérvanse tres redaccións desta obra: unha, en tres tomos, na que, ademais de consideracións retóricas, hainas tamén teolóxicas, morais e filosóficas. Unha segunda redacción, en cinco volumes, que se centra máis en problemas gramaticais e que resulta ser un dos mellores estudos lingüísticos do occitano medieval; o redactor, adiantándose case 300 anos a Malherbe, trata de someter a Musa ás regras: o 1º volume está dedicado á ortografía e ó acento; o 2º á métrica e a prosodia, acompañado cun pequeno tratado sobre os xéneros líricos; o

3º á morfoloxía gramatical; o 4º á retórica e o 5º á preceptiva gramatical e moral. Unha terceira redacción en verso –do propio Molinier, quen, nuns 7000 versos octosílabos, resume a vasta obra anterior–, titulada *Flors del Gai Saber*, está conservada nun manuscrito en Barcelona. As *Leys* exerceron non só en Occitania, senón tamén en Cataluña, e mesmo en Castilla (o Marqués de Santillana coñecíaas), unha influencia considerable durante os séculos XIV, XV e XVI.

O problema máis importante que tiñan que solucionar as *Leys* era o da norma lingüística; a *koiné* que caracterizara o período clásico xa non existe, dado que a lingua evolucionou bastante e, ademais, nos xogos florais participaban poetas non occitanos, sobre todo cataláns que neste momento xa presentaban hábitos lingüísticos ben diferenciados dos occitanos; polo tanto, facíase necesario impoñer unha certa estabilidade normativa co fin de seguir mantendo a dignidade gramatical da lingua e evitar así a posible anarquía lingüística na que poidese caer o occitano. A norma proposta polas *Leys* é bastante tradicionalista, no sentido de que se centra na norma antiga; este é ceceais o erro que, a longo prazo, vai contribuír máis á decadencia, pois estas normas non responden á realidade do uso e da grande dialectalización que se producira xa dende finais do século XIII.

No aspecto retórico é onde máis destaca; posúe unha grande erudición, comparable ó *Breviari d'Amor*, de Matfre Ermengaut, que constitúe seguramente unha das súas fontes, xunto coa *Rhetorica ad Herennium* ou *De Inventione*, de Cicerón, e mailos tratados de Prisciano, Donatus ou Isidoro de Sevilla; en definitiva, esta obra será o punto de referencia retórico-poético ata fins do século XV. O Consistorio irá coroando cada ano ós poetas que concorren ós xogos florais de Maio; gran parte das pezas coroadas entre 1324 e 1484 consérvanse nunha obra titulada *Jòias del Gai Saber*. Sen embargo, nos últimos decenios decae moito a participación, ata tal punto que se converte nun acto case local; os poetas son descoñecidos e da maioría non se ten máis noticia que a da súa peza premiada; parece deducirse con seguridade que ningún dos participantes teña lido as *Leys d'Amors*, pois o deterioro da lingua é cada vez maior. A poesía estereotípase cada vez máis, facendo do conxunto algo monótono e sen inspiración.

## Poesía lírica: A Escola de Tolosa

### a) A tradición escrita

Á sombra do *Consistori* vanse concentrar unha serie de escritores que dan á súa obra poética un tinte moi similar. A maioría non son profesionais da poesía como os trobadores clásicos, senón máis ben burgueses con outros intereses máis «mundanos»; aínda así, algúns deles, pola cantidade e calidade da súa produción, merecen ter unha mención á parte, como Raimon de Cornet, Lunel de Montech e Joan de Castelnuu.

O conxunto da produción da Escola Tolosana –unhas 72 pezas, que van dende 1324 a 1484– está conservado basicamente en catro manuscritos que constitúen catro pequenas coleccións dos poemas coroados nos xogos florais de Tolosa. Os códices son os seguintes<sup>1</sup>:

1. Vid. Zufferey, F., *Bibliographie des poètes provençaux des XIV<sup>e</sup> et XV<sup>e</sup> siècles*, Genève: Droz, 1981, pp. XVIII e ss.

\*A-B = Tolosa, Arquivos da Academia dos Xogos Florais (500.010), chamado «Rexistro de Cornet». Trátase en realidade de dous manuscritos ligados nun, de 45 e 17 folios en papel, respectivamente. Executado por dous copistas a mediados do s. XIV. É o que contén a maior parte da obra de Raimon de Cornet.

\*C = Tolosa, Arquivos da Academia de Xogos Florais (500.009), chamado «Rexistro de Galhac». Constituído por 56 folios en pergamiño. Comenzado por Peire de Galhac en 1458 para recoller as pezas coroadas nos xogos florais. Este rexistro foi continuado por diversos copistas, algúns deles seguramente laureados nos xogos.

\*D = Barcelona, Biblioteca de Cataluña, 146 ( antiguo Cancioneiro *Gil y Gil* ou de *Zaragoza*)<sup>2</sup>. En pergamiño, de 128 folios, executado por un copista catalán no terceiro cuarto do século XIV. Na segunda parte do códice, entre os ff. 97 e 123 é onde se conservan as poesías da Escola tolosana.

## b) Os poetas

Son uns vinte coñecidos. Os máis destacados son:

*Raimon de Cornet* é sen dúbida a grande figura da Escola, mesmo sen formar parte dela nin do Consistori (aínda que hai quen pensa que foi un dos fundadores); era unha especie de «enfant terrible» para os membros do *Gai Saber* onde só nunha ocasión gañou a flor de Maio. Fillo de poeta, naceu nun territorio, o Roergue, que, aínda que de fala occitana, estaba baixo o poder directo do rei de Francia, de quen foi inimigo declarado e partidario do rei de Inglaterra –como aparece nunha tensó con Peire de Ladils–; tanto Carlos o Feroso coma Filipe de Valois son obxecto da súa violencia verbal nos seus sirventeses, que recordan moito a Peire Cardenal. Iso e maila súa vea herética de bogomilo fixo perigar a súa vida. Sábese que en 1324 era sacerdote seglar e, dous anos máis tarde, fíxose franciscano, terminando a súa vida como monxe cisterciense. A súa vida aventureira recorda moito ós antigos trovadores. As súas composicións dirixíaaas sempre ós grandes señores meridionais –sobre todo gascóns– que mantiñan o Consistori (os Armagnac, os Albret, etc.). Trata de imitar ós trovadores clásicos, conseguíndoos con bastante fidelidade; os xéneros que explotou foron case todos: a cansó, a tensó, o sirventes, a epístola, os versos morais e mesmo a poesía relixiosa mariana. As súas pezas teñen unha complexidade formal semellante á dos trovadores clásicos do *trobar clus* e, aínda que o contido é normalmente moi banal, caracterízase pola súa sinceridade provocadora e linguaxe fácil. Del conservamos 42 composicións en occitano e 6 en latín, ademais do *Doctrinal*, citado máis arriba.

*Joan de Castelnou*, rosellonés e contemporáneo de Cornet de quen, como xa se apuntou, glosou o *Doctrinal*; ademais, compuxo un *Compendi*, que é un resumo dunha parte das *Leys d'Amors*, e 11 composicións poéticas. Castelnou relacionouse moito cos poetas cataláns e sabemos que en 1355 era mantedor do Consistori.

---

2. O mesmo F. Zufferey (*Recherches linguistiques sur les chansonniers provençaux*, Genève: Droz, 1987) atribúe a sigla Z a este cancionero.

*Peire de Ladils*, natural de Bazas e tamén contemporáneo de Cornet, era un avogado cunha dedicación moi talentosa para a poesía. Conservamos del 9 composicións de xénero moi variado (cansò, joc-partit, dansa e oración).

*Cavalier*, chamado *Lunel, de Montech* (perto de Montauban) levou unha vida máis tranquila que Cornet. A partir de 1355 formou parte do Consistori; tan só se consérvan 3 composicións súas.

## A Escola de Barcelona

A Escola tolosana do século XIV exerceu unha grande influencia na poesía catalana do fin do século XIV e a primeira metade do XV (aproximadamente ata Auziás March). A pouco de començar a funcionaren os xogos de Tolosa, xa se celebraban en Cataluña concursos de poesía<sup>3</sup>. Como xa se dixera máis arriba, Xoan I instituíu en 1393 a festa da *Gaya Sciència*, que se ía celebrar anualmente en Barcelona, regulada por un *Consistori* feito sobre o modelo do de Tolosa. Entre os mantedores destacan Luys d'Averçò e Jacme March. A poesía tamén se fai a imitación da tolosana: os mesmos xéneros, a mesma terminoloxía métrica e gramatical e, en definitiva, a mesma lingua, aínda que con certos retoques catalanizantes. Os tratados de retórica e poética son os mesmos (recordemos o dito sobre as *Leys* e as *Flors*) e algúns poetas cataláns participaron nos Xogos Florais de Tolosa, como Guillem de Masdovelles, que recibiu o premio pola súa composición *Eras mi ponch Amors tan finamen*<sup>4</sup>; a mentalidade tamén é a mesma, sen apartarse a penas da ortodoxia relixiosa e moralizante.

### a) A tradición manuscrita

Ademais do mss. *D*, anteriormente citado, a maior parte das composicións dos poetas de orixe catalana ligados á poesía occitana consérvanse principalmente nos seguintes manuscritos:

\**H* = Barcelona, Biblioteca de Cataluña, 7-8. Coñecido como «Vega-Aguiló». Compilado cara a 1420; nel están conservadas as pezas de Luys Icart, Bernart de Mallorques, Jacme Rovira, Andreu Febrer, Gilibert de Próixita e outros.

\**M* = Barcelona, Biblioteca de Cataluña, 11. Coñecido como «Cançoner dels Masdovelles», onde se conservan as pezas de Guillem, Pere e Joan Berenguer de Masdovelles.

\*Barcelona, Biblioteca de Cataluña, 9.

### b) Os poetas

É, polo tanto, no reino de Aragón onde sobreviviu e continuou a tradición poética occitana. Unha pleiade de poetas xorden en Cataluña e Aragón, trobando baixo as

3. En 1338, no día de Pentecostés, diante do Rei Pedro o Cerimonioso, celebrouse en Lleida un «xuízo» sobre os méritos das poesías alí presentadas. Vid. R. Gubern, «Els primers jocs florals a Catalunya, 31 de maig de 1338», en *Bulletin of Hispanic Studies*, XXXIV, 1957, pp. 95-96.

4. Mss. *M*, 43; ed. de R. Aramón i Serra, *Cançoner dels Masdovelles*, Barcelona, 1938.

regras propostas nas *Leys*, o *Compendi* de Castelnou ou outras obras, feitas na propia Cataluña, a imitación das primeiras, como o *Torcimany*, de Luys d'Averçò, ou o *Mirall de trobar*, de Berenguer d'Anoia. Entre finais do XIV e mediados do XV troban e mesmo participan aínda nos xogos florais de Tolosa, entre outros, Lorenz Mallol, Tomas Periz de Fozes, Jacme Rovira, Bernart de Mallorques (ou de Palaol), Joan Blanch, Luys Icart. Cunha lingua xa máis catalanizada compoñen Pere March (pai de Auziás), Guerau de Queralt, Gabriel Ferruix, Guillem de Masdovelles e o seu sobriño Joan Berenguer, Francesc Oliver e Pere de Queralt.

Pero os máis destacados desenvolvíanse nun medio moi propicio para o traballo poético. Moi ligados ó Consistori barcelonés, as súas composicións seguen a inspiración máis clasicista, cantando sobre todo ó Amor Cortés e platónico. Son, sen dúbida, os últimos baluartes da poesía trobadoresca, antes da chegada das correntes renacentistas italianas ou da poesía auténticamente catalana, con Auziás March á cabeza, foron os seguintes:

*Gilbert de Próixita*<sup>5</sup>. De orixe napolitana (os Procita), aínda que de familia afincada en Valencia, as noticias que temos del van de 1392 a 1405. Consérvanse 21 composicións súas no mss. *H*; tratan exclusivamente o tema do amor; os temas trobadorescos máis característicos centran o contido das súas pezas: o poeta é vasalo da súa Dama, a quen lle prega amor a cambio de servila e obedecela humildemente. Unha das poesías, *Le sovenirs qu'Amors fina m'aporta*, vai dedicada ó «Novell Consistori», en clara referencia ó Consistori de Barcelona.

*Andreu Febrer*<sup>6</sup>. Naceu en Vic entre 1375 e 1380. Exerceu de escribán da cancelaría de Martín o Humano. Consérvanse 15 poesías no mss. *H*. Sen embargo é moito máis coñecido por ter traducido a *Divina Commedia* ó catalán, en 1429, consecuencia da súa estancia en Sicilia, onde foi castelán de Catania. É curioso, sen embargo, que a lingua das súas poesías sexa o occitano –eso si, cheo de catalanismos–, pero parece ter moi claro qué rexistro lingüístico ten que utilizar para cada cousa: o occitano para a poesía cortés, o catalán para a prosa.

*Jordi de Sant Jordi*<sup>7</sup>. Tamén valenciano, como Próixita, naceu a finais do XIV. Morreu sendo moi novo, apenas 30 anos, en 1425. O tema da separación da Dama é o seu preferido en varias composicións, seguramente froito da súa marcha expedicionaria a Córcega, Cerdeña e Nápoles. A súa obra poética pode agruparse en varios epígrafes: os *Stramps* (versos sen rima) son composicións de seis estrofas e unha tornada nas que a idea central exprésase nas tres primeiras e as louvanzas á Dama veñen expresadas nas outras tres e na tornada. Os *Enuigs* –unha longa composición de 171 versos, nos que o poeta vai enumerando as cousas que lle anoxan ou irritan– supoñen unha nova orientación dos *Escondits* clásicos provenzais, xa que Sant Jordi os combina coa *dansa*. A *Passio Amoris secundum Ovidium* é outro extenso poema de 154 versos que constitúe unha alegoría do amor, cunha clara influencia do *Roman de la Rose*.

5. Gilbert de Próixita, *Poesies*, ed. de Martín de Riquer, Barcelona, 1954.

6. Andreu Febrer, *Poesies*, ed. de Martín de Riquer, Barcelona, 1951

7. Martín de Riquer e L. Badía, *Les poesies de Jordi de Sant Jordi*, Barcelona, 1984.

## O Renacemento do século XVI

O Renacemento, orixinado en Italia, exténdese por toda Europa, contribuíndo a cambiar as estruturas e relacións da vida cultural, dos coñecementos científico-filosóficos e da conciencia relixiosa e moral. Occitania –onde había xa máis de 50 anos que non quedaba a penas nada da antiga poesía trobadoresca– non escapa a estas tendencias, aínda que aquí adquire un carácter máis ben negativo, dado que o novo espírito ven marcado polo centralismo e imperialismo da Francia, personalizado polos últimos reis da dinastía dos Valois (dende Francisco I ata Enrique III), que sumiron o país nunha sanguenta guerra cívico-relixiosa entre católicos e protestantes. Non obstante, prodúcese unha pequena tregua no último cuarto do século coa ascensión ó trono de Enrique de Navarra (Enrique IV de Francia), con quen dá comenzo a dinastía dos Borbóns. Gascón de nacemento e hugonote por educación e formación, baixo o seu reinado navarrés (1571-1589) iníciase un Renacemento literario en Gascuña e Provenza, a pesar de que a penetración do francés é xa inevitable, sobre todo a nivel administrativo e público. Cando en 1539 Francisco I promulga o edicto de Villers-Cotterêts, faise oficial a lingua francesa en tódolos eidos da vida pública. Aínda así, ata finais do século os occitanos cultivados seguen a ler e escribir na súa lingua materna.

Polo que se refire á lingua literaria, tamén vai perdendo terreo o occitano en favor do francés; o dato máis significativo neste sentido é o feito de que o Consistori de Tolosa convértese xa a finais do século XV no *Collège de la Science et Art de Rhétorique*, no que todo se fai en francés. Na segunda metade do século, a influencia da *Pléiade*, encabezada por Ronsard e Du Bellay fai sentir o seu peso. Sen embargo, e pesar de todo isto, na segunda metade do século XVI, unha nova literatura de Oc vai ver a luz, contemporaneamente á literatura francesa clásica. Dase como unha especie de mestura na que os escritores das dúas expresións se coñecen, se estiman e participan do humanismo renacentista universal. Ata entón, os dialectos meridionais non parecían adecuados para a expresión literaria, pero a partir de 1550 asistimos, sobre todo en Gascuña, á eclosión de obras literarias.

### Gascuña, centro de irradiación

O 15 de Decembro de 1578, en Nérac, Enrique de Navarra, acompañado pola súa esposa, Margarita de Valois, fixo a súa entrada na vila; o poeta Du Bartas foi o encargado de compondor un poema de benvida. Na composición pon en escena a tres Ninfas, a latina, a francesa e a gascona, que se disputan a honra de louvar a parella real, cada unha delas na súa lingua: a gascona reivindica para a súa non só o grao de igualdade, senón mesmo o de primacía.

Este feito, que, a priori, parecería moi ousado –tendo en conta a presenza da irmá (Margarita) e da nai (Catalina de Medicis) do rei de Francia, Carlos IX– foi, sen embargo, bastante modesto comparado co que xa estaba a suceder. A Musa gascona xa había tempo que rompera o seu mutismo. O Renacemento gascón comenzou moi ligado ó protestantismo e á corte hugonote da nai de Enrique, Xoana de Albret, quen xa mandara traducir do latín ó basco e ó bearnés (a lingua oficial da cancelería de Navarra) os *Evanxeos* e os *Salmos* de David. Máis tarde, en 1561, encargou a un doutor en dereito unha nova versión, esta vez en gascón, dos *Salmos*: tratábase nada menos que da grande figura do Renacemento literario gascón, Pey de Garros.

*Pey de Garros*. Nacido entre 1525 e 1530 en Lectoure, estudou dereito en Tolosa. Fíxose protestante en 1560, ligando a súa carreira á causa navarresa. Entre 1572 e 1576 foi avogado xeral da corte bearnesa. Morreu en 1581. Ademais da tradución dos *Salmos* de David citados anteriormente, publicou en 1567 as *Poesias gasconas*, obra coa que Garros se converte no poeta oficial da corte bearnesa, paragonable a Ronsard na francesa. Pero o máis importante reside no feito de que é o creador do gascón moderno, que fai del o abandeirado da causa do patriotismo gascón, da *lenga mespresada* (a «lingua desprezada»). Desgraciadamente, o mestre fundador do gascón moderno non tivo discípulos e a súa produción foi descoñecida para os poetas do século seguinte; haberá que esperar ó século XIX para ver rahabilitado a Garros como un dos mellores poetas da literatura occitana.

*Salluste du Bartas*. Outro gascón protestante, nacido en 1544, e coñecido como o máis grande poeta relixioso do século XVI. Autor do xa citado *Diálogo das Ninfas*, co que fai gala dun patriotismo fóra de toda dúbida, tamén compuxo outras pezas menores en gascón (aínda que só se conserva un soneto amoroso, é posible que compuxera máis). Polo demáis é autor - e isto si que resulta un contrasentido - dunha epepea dramática, *Judith*, e outras obras relixiosas en francés.

*Augier Galhard*. Nacido en Rabastens e establecido en Montauban, non tivo moita relación co movemento gascón, entre outras cousas porque escribía na súa lingua, o languedocián, pero, por outra parte, ó principio da súa carreira poética buscou o apoio de Enrique de Navarra (de feito loitou coas tropas calvinistas no norte de Francia). As súas obras sufriron bastantes persecucións á hora de ser publicadas. Finalmente, tras abandonar a causa protestante, sería precisamente en París, en 1583, onde verían a luz *Lou Banquet* e *Toutos las obros d'Augier Galhard*. Nestas obras Galhard móstrásenos como un poeta popular que nos pinta a miserable situación na que se atopa o Languedoc, a causa das guerras de relixión.

*Arnaud de Saleta*. Pastor reformado de nobre familia, autor da tradución dos *Salmos* de David, antes citada, encargada en 1568 por Xoana de Albret, aínda que non viu a luz ata 1583: *Los Psalmes de David méiuts en rima bernesa per Arnaud de Saleta*. Foi o primeiro escritor en utilizar o bearnés, con intención puramente propagandística, moi ó estilo de Garros, aínda que sen alcanzar a súa altura.

*Guillaume Ader*. Faltáballe ó occitano un gran poema épico. Esta lagoa foi cuberta por Ader, autor de *Lou Gentilome gascou e lous heits de gouerre del gran pouderos Henric gascou*. Aínda que publicada en 1611, xa fora composta con moita anterioridade. Ven sendo unha especie de *Eneida* á gascona, coñecida tamén como a *Henriade gasconne*. O heroe non é outro que o propio Enrique de Navarra, a quen tiña que ir dedicada se non fose porque nese mesmo ano foi asasinado.

*Jean Geraud Dastros*. Vicario de Saint-Clar, foi autor de *Lou beray e natural gascon en las quate sasous de l'an* (1636), unha especie de *Conflictus* de tipo medieval - adaptación das *Xeórxicas* virxilianas -, obra na que personifica as catro estacións, que, en sucesivos diálogos, reivindicán a súa preeminencia. O árbitro é el mesmo, personificado como un pastor. En 1642 retoma o mesmo tema engadíndolle os catro elementos da natureza coa obra *Lou triomfe de la lengouo gasgouo am playdeiatz de las quouate sasous e deus quouate elemens, dauant lou pastou de Loumaigne*, defensa acérrima da súa lingua gascona.

Como vimos ata agora, todos estes autores inspíranse no mesmo sentimento: o amor pola súa lingua materna e o convencemento de que non é inferior a ningunha outra nin no seu uso cotián, nin para a expresión literaria. É curioso atopar aquí as mesmas ideas da Pléiade: as linguas modernas non son inferiores ás antigas (latín, grego, hebreo, etc.) e o deber dun bo patriota é defendelas e explotar a súa riqueza. Esta idea en realidade non é orixinal, pois xa a expresara Bembo nas súas *Prose della volgar lingua* (publicadas en 1525)<sup>8</sup>, pero non sobrepasara nunca o nivel teórico; no Midi francés podemos apreciar, por primeira vez, a toma de conciencia do valor da propia lingua.

## O Renacemento provenzal

Moi diferente ó gascón, non só porque os elementos políticos son totalmente contrarios (a Provenza é católica e partidaria da Liga do Duque de Guisa contra os hugonotes gascóns), senón tamén polo seu clima intelectual. Por outra parte, ademáis das influencias da *Pléiade* francesa, tamén sofre máis profundamente a influencia italiana. O medio cultural da Provenza desenvólvese nun ambiente menos ríxido có gascón, polo que non será estraño que unha das especialidades literarias sexa a poesía erótica e o teatro carnavalesco. Sen embargo, tamén é certo que durará moito menos que na Occitania centro-occidental, pois non vai máis aló do século XVII.

*Jean de Nostredame*. Xudeo converso, nacido en Saint-Rémy. Escribe en francés dende 1540, pero a partir de 1562 vai colaborar co protestante Raymond de Soliers nunha *Histoire de Provence*, que comenza a despertar o seu interés polo occitano clásico, e emprender a redacción dunha Crónica: *So que s'es pogut reculhir del Comtes de Provensa e de Forcalquier e de leurs successours*, texto manuscrito, mestura de crónica e novela; deste xeito, renace en Provenza a prosa occitana. Sen embargo, a súa obra máis coñecida e que ten unha grande importacia para a historiografía literaria occitana —aínda que escrita en francés— é *Vies des plus célèbres et anciens poètes provençaux* (Lyon, 1575); con esta obra revive a dignidade da cultura literaria occitana dos antigos trobadores, suliñando a identidade propia da lingua occitana clásica.

*Louis Bellaud de la Bellaudière*. Nacido en Grasse (¿1543?-1588), é considerado como o pai da literatura provenzal moderna. De vida aventureira e soldadesca, enrolouse en numerosas campañas; nunha delas tivo a desgracia de ir á cadea durante case dous anos; ó saír, en 1574, tivo ocasión de compoñer a obra de prisión, *Obros et Rimos* (164 sonetos e máis diversas pezas). De novo por dúas veces estivo na cadea, e da súa estancia alí tirou o *Don-don infernau* («A campana do inferno»), un longo poema satírico contra a banalidade da xustiza e a rixidez da administración das cadeas, composto entre 1584 e 1585. A morte do seu protector, Enrique de Angoulême, termina cos seus poucos anos de felicidade e el mesmo morre pouco despois. As súas obras foron publicadas oito anos despois da súa morte, en Marsella en 1595.

Pódese dicir, polo tanto, que durante máis de tres séculos se foi producindo moi lentamente, pero sen se deter, a caída da cultura e civilización occitanas. As causas

políticas, que xa abondarían de seu, sumáronse outras de tipo lingüístico e cultural que foron minando os cimentos que tanto costara construír na Idade Media, sobre o terreo que se gañara ó latín, ata entón única e exclusiva lingua de cultura. Só uns cantos focos resistirán durante este tempo, desgraciadamente bastante aillados uns dos outros como para revivir un movemento máis xeralizado que puidese evitar a definitiva decadencia do occitanismo. Aínda durante os séculos XVII e XVIII algunhas chamas seguirán dando certa luz, pero a Revolución de 1782 deixará a fogueira latente ata o Felibrisimo do XIX.

*Francisco Fernández Campo*  
Universidade de Santiago de Compostela

Bibliografía básica

- Anglade, J. (ed.), *Las Leys d'Amors*, Toulouse-Paris, 1920.
- , *Las Flors del Gay Saber*, Institut d'Estudis Catalans, Memòries, Vol. 1/ facs. 2, Barcelona, 1926, pp. 33-121.
- , *Histoire sommaire de la littérature méridionale au Moyen Age*, Genève: Slatkine, 1973.
- Avalle, D'arco S., *La letteratura medievale in lingua d'oc nella sua tradizione manoscritta*, Turin, 1961.
- Bartsch, K., *Grundriss zur Geschichte der provenzalischen Literatur*, Genève: Slatkine, 1972.
- Bec, P., *Nouvelle anthologie de la lyrique occitane du Moyen Age*, Avignon, 1970.
- Camproux, Ch., *Histoire de la littérature occitane*, Paris: Payot, 1971.
- Chabaneau, C., «Origine et établissement de l'Académie des Jeux Floraux de Toulouse», en *Histoire générale de Languedoc*, Toulouse, 1885, tomo 10, pp. 177-208.
- Jeanroy, A., *Histoire sommaire de la poésie occitane (des origines à la fin du XVIII<sup>e</sup> siècle)*, Genève: Slatkine, 1973.
- , *La poésie lyrique des troubadours*, tomo II, Toulouse-Paris, 1934.
- Lafont, R. e Anatole, C., *Nouvelle histoire de la littérature occitane*. Tomo I, Paris: P.U.F., 1970.
- Massó i Torrents, J., «Els poetes catalans relacionats amb els consistoris de Tolosa», en *Repertori de l'antiga literatura catalana. La poesia*. Tomo I, Barcelona, 1932, pp. 333-348.
- Riquer, Martín de, «Contribución al estudio de los poetas catalanes que concurrieron a las justas de Tolosa», en *Boletín de la Sociedad Castellonense de Cultura*, 26 (1950), pp. 280-310.
- , *Història de la literatura catalana*, Tomo I (vid, cap. «L'escola poètica de tolosa»), Barcelona, 1964.
- Taylor, R.A., *La littérature occitane du Moyen Age. Bibliographie critique*, Toronto: Toronto University Press, 1976.
- Zufferey, F., *Bibliographie des poètes provençaux des XIV<sup>e</sup> et XV<sup>e</sup> siècles*, Genève: Droz, 1981.
- , *Recherches linguistiques sur les chansonniers provençaux*, Genève: Droz, 1987.